



Concello de Ortigueira

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Na Casa do Concello, sendo as nove horas e trinta minutos do día nove de febreiro de dous mil dezaoto reúnese os membros que a continuación se indican para constituír a Mesa de Contratación prevista no prego de cláusulas económico administrativas que rexe o procedemento aberto para a contratación do Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais (2018-2022)

PRESIDENTE: Don Juan Vicente Penabad Muras, Alcalde Presidente do Concello
VOGAIS.- Don Iago Manuel Bermejo Vargas Secretario Xeral do Concello; don Damaso Pico Balsa, Tecnico municipal. A interventora municipal dona Yolanda Ares Bao non asiste de xeito presencial, senón que intervén mediante comunicación telefónica
SECRETARIA DA MESA: dona Maria Luisa Sierra Vale, funcionaria do Concello

Polo Presidente declarase constituída a Mesa de Contratación xa que se cumpre co quórum requirido, e se informa que o obxecto da reunión é a cualificación da documentación administrativa presentada polos licitadores no procedemento aberto para a contratación do Servizo Alleo de Prevención de Riscos Laborais (2018-2022) Por Secretaría informase que se tramita o procedemento aberto polo que o anuncio de licitación foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 13 de data 18 de xaneiro de 2018, no periódico "La Voz de Galicia" de 20 de xaneiro de 2018, no perfil do contratante da sede electrónica deste Concello, no taboleiro de edictos da sede electrónica e das dependencias administrativas de este Concello, e na plataforma de contratación do Estado, concedendo un prazo de quince días naturais, contados a partires da publicación do anuncio de licitación no BOP; para a presentación das proposicións, e que, dentro de dito prazo, presentáronse, os seguintes licitadores:

SOCIEDAD DE PREVENCION DE ASEPEYO S.L. (B64206535) Nº de rexistro: 2018-E-RC-496 Data de rexistro: 2 de febreiro de 2018, á 09:58 horas

MAS PREVENCION SERVICIO DE PREVENCION S.L. (B99083404) Nº de rexistro: 2018-E-RC-504 Data de rexistro: 2 de febreiro de 2018, á 11:05 horas

Forma de presentación: Fax xustificante de presentación de documentación (dous sobres pechados) en oficina de correos e Nº de rexistro: 2018-E-RC-519
Data de rexistro: 5 de febreiro de 2018, á 14:41 horas

TAPREGA PREVENCION DE RIESGOS, S.L. (B36926640) Nº de rexistro: 2018-E-RC-510 Data de rexistro: 2 de febreiro de 2018, á 13:48 horas

CUALTIS S.L.U (B84527977) Nº de rexistro: 2018-E-RC-506 Data de rexistro: 2 de febreiro de 2018, á 13:13 horas

NORPREVENCION S.L. (B27222827).- Nº de rexistro: 2018-E-RC-515 Data de rexistro: 5 de febreiro de 2018, á 12:53 horas. Remitido por FAX o día 1 de febreiro de 2018 o xustificante de presentación de documentación en oficina de correos con data 1 de febreiro de 2018

Acto seguido pola Mesa procedese a apertura do sobre A, co seguinte resultado:

SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE ASEPEYO S.L.-Presenta a documentación en soporte papel e en soporte dixital debidamente asinada. Estimase que a documentación reúne os requisitos establecidos no prego

MAS PREVENCIÓN SERVICIO DE PREVENCIÓN S.L .- Presenta a documentación unicamente en soporte papel incumprindo a cláusula 13 do Prego de Cláusulas económico Administrativas que rexe o procedemento.

TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.- presenta a documentación e en soporte dixital debidamente asinada. Estimase que a documentación reúne os requisitos establecidos no prego

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

CUALTIS S.L.U- Presenta a documentación en soporte dixital, non obstante non coincide a persoa que consta nas declaracións como representante legal da entidade coa persoa que asina dixitalmente ditas declaracións.

NORPREVENCION S.L- - Presenta a documentación unicamente en soporte papel incumprindo a cláusula 13 do Prego de Cláusulas económico Administrativas que rexe o procedemento.

En consecuencia, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Rexeitar do procedemento para a contratación DO SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (2018-2002) a empresa CUALITIS SLU como consecuencia de vir a documentación administrativa asinada dixitalmente por persoa distinta a que se fai constar que subscribe a mesma como representante legal da entidade

Segundo.- Estimar que as deficiencias detectadas na documentación presentada polos licitadores que a continuación se indican é emendable e polo tanto, requirir, concedéndolles un prazo de tres días, para que emenden as deficiencias detectadas mediante a presentación da documentación correspondente ao sobre A "Documentación administrativa" en CD ou DV en formato PDF debidamente asinada dixitalmente polo licitador ou o seu representante legal segundo proceda ou ben a no Rexistro Auxiliar da Sede Electronica deste Concello (cláusula 13 do Prego de Cláusulas económico Administrativas que rexe o procedemento), as seguintes empresas MAS PREVENCIÓN SERVICIO DE PREVENCIÓN SL e NORPREVENCION SL.

Terceiro- DECLARAR que reúne os requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas a documentación contida no sobre A "Documentación Administrativa" presentada polas empresas SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE ASEPEYO SL e TAPREGA DE RIESGOS LABORALES SL.

Cuarto - Unha vez transcorrido o prazo a que se refire o apartado segundo volvera a reunirse esta Mesa para a cualificación definitiva da documentación administrativa presentada no sobre A, na que se acordará a admisión e exclusión dos licitadores no procedemento e se procederá a apertura do sobre B "Oferta Económica", en acto público. A data e hora de dita reunión deberá publicarse no perfil de contratante cunha antelación mínima de un día.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidenta levanta a sesión sendo as dez horas, estendéndose a presente acta, do que, como Secretaria da Mesa, certifico
Documento asinado dixitalmente a súa marxe